




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa Fernández Losada s/n 32800-Celanova
Teléfono: 988 431 565 Fax: 988 431 460
<https://iescelanova.gal/>

IES CELANOVA
CELSO EMILIO FERREIRO



MEMORIA
VIII CONCURSO TPP
MODALIDADE 2B

IRMA FERNÁNDEZ ALONSO, Departamento de Música
ISIDORA GIL GONZÁLEZ, Departamento de Debuxo
COLABORACIÓNS

Carlos Alonso, que se encargou de fotografía e vídeo.

Celso Fernández, TIC, plóter e impresión.

Carmen Valugo, gravación e instrumentación

Belén Sánchez, que revisou a literatura.

O equipo de biblioteca, o equipo directivo, a Fundación Curros
e a Oficina de Turismo do Concello de Celanova

**E, naturalmente, o alumnado de Debuxo e Música,
protagonista e destinatario deste proxecto**

TODO EN:

<https://es.padlet.com/isidoragil/MUSICAMOSTEIRO>

<https://bibliotecapoleiro.blogspot.com/>

**MÚSICA
NO
MOSTEIRO**

Un traballo por proxectos do curso 2021/22



O MOSTEIRO E A MÚSICA

OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

O noso IES ocupa os vetustos muros do mosteiro de San Salvador de Celanova e participa do rico legado patrimonial que nos serve de inspiración e xustificación para moitas das iniciativas que teñen lugar no centro. No espazo anexo ao centro atópase a igrexa abacial, que aloxa un extraordinario e funcional órgano de tipoloxía barroco-ibérica e dous coros, renacentista e barroco, onde a música monástica centraba a vida bieita. Parece natural, pois, construír unha proposta de traballo que integrase estes elementos no día a día do alumnado mediante concertos didácticos, coñecemento da iconografía dos coros, funcionamento do órgano...

Os departamentos didácticos de Música e Debuxo proxectan estas actividades, que forman parte desde o principio das súas programacións para os cursos de segundo, terceiro e cuarto de ESO e primeiro e segundo de BACHARELATO, desde as distintas materias. Música, EPVA, Debuxo Técnico, Debuxo Artístico e Linguaaxe e práctica musical.

Só a través do coñecemento do propio e particular se chega á auténtica **competencia cultural** que facilita a valoración da riqueza artística universal.



TODO EN:

<https://es.padlet.com/isidoragil/MUSICAMOSTEIRO>




QUE QUEREMOS APRENDER

DEBUXO

As materias estrutúranse en **traballos por proxectos**, nos que a cuestión inicial fará o seu recorrido pola investigación, os modelos da historia da arte, as técnicas e os elementos teóricos necesarios para que cada alumno poida aportar unha solución correcta, persoal, expresiva e fundamentada. Dous grandes bloques de propostas:

UNHA CENTRADA MOSTEIRO, en concreto sobre a escultura e os espazos arquitectónicos dos coros e o órgano. Os traballos terán como obxectivos o estudo das xeometría nas composicións, a práctica da perspectiva, o coñecemento e a reinterpretación da iconografía e, sobre todo, a sensibilización do alumnado no que respecta ao seu entorno cultural e vital.

A MÚSICA NO ENTORNO: actividades de deseño de carteis, interpretación de obras de arte relacionadas coa música. Aprenderemos composición visual, tipografía, publicidade e técnicas gráficas de difusión, como a estampación.



MÚSICA

Todos (e os adultos tamén):

- A valorar o noso patrimonio e en consecuencia o resto das manifestacións culturais de aquí e acolá., aproveitando todos os fantásticos espazos do mosteiro para perpetrar actividade artística.
- A gozar da experiencia musical compartida de interpretar partituras acompañados polo órgano nun escenario formidable como é o coro alto do mosteiro.
- A discernir as diferentes manifestacións musicais que ao longo da historia pasaron polo mosteiro, dende o canto gregoriano ao órgano actual ou a composición dixital pasando polos cantorais, as representacións de instrumentos na iconografía do mosteiro, etc.

QUE HAI NA PROGRAMACIÓN: COMPETENCIAS E ACTIVIDADES

DEBUXO

- Fomentar as capacidades de comprensión, análise e interpretación da realidade.
- Aprender a estrutura interna dos obxectos que se representan.
- Atender ás proporcións das distintas partes que configuren as formas.
- Utilizar e desenvolver a memoria visual e a retentiva para elaborar imaxes.
- Observar e estudar as creacións da arte e a industria como punto de partida para obras propias.
- Coñecer e utilizar os fundamentos teóricos da cor e o seu uso nas creacións plásticas de xeito razoado e expresivo.
- Achegar aos debuxos solucións expresivas propias, aportando sensibilidade estética e creatividade.
- Coñecer os fundamentos da composición para aplicalos en obras propias e na análise de obras alleas.
- Buscar información, procesala e empregala con criterios persoais e racionais na resolución das propostas de traballo.

E o desenvolvemento de todas as competencias, moi especialmente CCEC, CSC, CAA e CD.

MÚSICA

Todos os cursos:

Bloque **Interpretación e Creación**: interpretación conxunta de obras axeitadas a cada nivel e temática acompañados polo órgano. CL, SC, CEC

Bloque **Contextos Musicais**: Coñecemento e valoración do patrimonio musical, e das diferentes manifestacións musicais ao longo da historia... sen saír do mosteiro!. CCEC, CSC, CAA

Bloque **Música e Tecnoloxía**: Gravación das obras e, no caso de 4ºESO e 1ºBACH, montaxes audiovisuais das mesmas ou de microdocumentais divulgativos, edición de partituras, etc. CD

No caso de 1º de BACH, a maiores...

Bloque **Destrezas Musicais**: Interpretación dunha obra de canto chan cantando conxuntamente. CCEC, CSC, CCL

Bloque **Audición Comprensiva**: Os rexistros do órgano. Discriminación tímbrica. CAA, CCEC

Bloque **Teoría Musical**: A evolución da notación musical. Pescuda de información e traballo con partituras de canto chan en notación cadrada da colección de cantorais do mosteiro. CCEC, CCL, CIEE, CSC

Bloque **Interpretación e creación**: Obradoiro de composición dixital. A Música no Mosteiro do século XXI. CCL, CSC, CCEC, CCD.

RECURSOS E MATERIAIS UTILIZADOS

DEBUXO

AULA VIRTUAL, onde subimos todos os materiais de consulta e todos os traballos realizados:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescelanova/aulavirtual2/>

BIBLIOGRAFÍA dispoñible na biblioteca escolar e na aula virtual: manuais de debuxo e fotografía, enciclopedias de arte...

FOTOGRAFÍA: usamos os equipos de cada alumno e os da aula de audiovisuais do centro.

EDICIÓN: feita en **PHOTOSHOP**, **CorelDraw Student** e **PicsArt**.

PLÓTER e **IMPRESORA** da biblioteca

MATERIAL DE DEBUXO E PINTURA: os soportes (táboa e cartón) e as cores son material comunitario a disposición do alumnado, que tivo que aportar lapis de cor, pinceis e outros materiais menores.

MATERIAL EXPOSITIVO: papel fotográfico, soporte de cartón pluma... son aportes da biblioteca.

MATERIAIS DIDÁCTICOS CREADOS

DEBUXO TÉCNICO II
MÚSICANO MOSTEIRO
OS TRAZADOS XEOMÉTRICOS DO CORO ALTO
UNHA APLICACIÓN DE TANXENCIAS E ENLACES



ESTAMPACIÓN

MATERIAL INFORMATIVO PARA EPVA 4º ESO

EPVA 4º E
MÚSICA NO MOSTEIRO
OS TRAZADOS XEOMÉTRICOS DO CORO ALTO
UNHA APLICACIÓN DE TANXENCIAS E ENLACES

GRANDES PINTORES DE INTERIORES COMO MODELO

PARA NOVAS MIRADAS AO ÓRGANO E O CORO ALTO

CREACIÓN E XEOMETRÍA

EN TODOS OS TEMPOS
EN TODOS OS ESTILOS
CON TODOS OS MATERIAIS



O CORO E O ÓRGANO VISTOS D'ENDE UN SCRIPTORIUM



EDIEVAL

EXERCICIO DE CREACIÓN

INSTRUMENTOS MUSICAIS

EXERCICIO DE CREACIÓN

VENDEMOS MÚSICA

RECURSOS E MATERIAIS UTILIZADOS

MÚSICA

AULA VIRTUAL, onde subimos os materiais de consulta .
PADLET DO PROXECTO, que resultou ser o verdadeiro repositorio de contidos.

BIBLIOGRAFÍA dispoñible na biblioteca escolar e na aula virtual: libros de historia da música, organoloxía, tratados de organería, artigos e folletos sobre o órgano de Celanova.

PARTITURAS aportadas polas profesoras, nalgúns casos orixinais e noutros arraxadas.

FOTOGRAFÍA: usamos os equipos de cada alumno e os da aula de audiovisuais do centro.

EDICIÓN: feita en AUDACITY, MUESCORE, CANVA, IMAGE ANOTATOR, etc.

INSTRUMENTOS PROPIOS (fautas e no seu caso saxos e trompeta) e **ALLEOS** (o órgano de Celanova)

PLATAFORMAS PARA DIFUSIÓN DAS GRAVACIÓNS (tanto en audio como en vídeo): Taboleiros wakelet, cartelería con códigos QR, redes sociais, blog da biblio, web do centro, etc.

Todos os materiais aquí:



MATERIAIS DIDÁCTICOS CREADOS OU RECOMPILADOS



X CICLO DE CONCERTOS DIDÁCTICOS DE ÓRGANO IGREXA DE SAN SALVADOR (CELANOVA)



FASES E DESENVOLVEMENTO

DEBUXO



En xeral, o traballo tivo lugar entre novembro e maio, con particularidades e diferenzas segundo os cursos. Comezamos por unha visita ao edificio e por unha sesión de explicación do órgano e os coros, con material explicativo e indicando os obxectivos concretos para o traballo en cada curso. Confeccionamos os correspondentes álbums de fotos, as guías de traballo e atacamos a fase informativa (historia da arte, técnicas, datas, modelos a seguir...). No Padlet central organizamos a información e publicamos os resultados.

<https://padlet.com/isidoragil/MUSICAMOSTEIRO>


Comeza o traballo de aula.

PRIMEIRO TRIMESTRE: os cursos de Debuxo Técnico e Artístico de 2º de Bacharelato traballaron en torno aos espazos musicais.

- **Á BUSCA DA PERSPECTIVA:** aproximación á representación do espazo tridimensional no plano do debuxo. En DT cambiamos a orde dos contidos para coincidir con DA e traballar os mesmos aspectos desde dúas disciplinas diferentes.
- **MÚSICA COS GRANDES PINTORES:** interpretación dos espazos segundo as pautas de estilo, cor e composición dun gran pintor de interiores: de Saenredam a Serebriakova pasando por Vermeer, Hoper ou Piero della Francesca.

O alumnado de 1º de bacharelato traballa sobre detalles arquitectónicos do órgano e o coro alto usando modelos medievais

- **MÚSICAS MEDIEVAIS:** reproducimos na aula un *scriptorium* bieito e analizamos as características das súas ilustracións.



SEGUNDO TRIMESTRE: os cursos de Debuxo Técnico e Artístico de 2º de Bacharelato traballaron a xeometría do cadeirado do coro alto e a iconografía do coro baixo.

- **XEOMETRÍAS MUSICAIS:** interpretación das tracerías góticas baixo o prisma de obras de todos os tempos nas que a xeometría fose a característica principal: vitrais, cerámicas, atauriques, mosaicos, artesanados...
- **TOCANDO CIRCUNFERENCIAS:** trazado técnico das estruturas xeométricas das mesmas tracerías. Nos casos en que o alumnado de DA e DT é o mesmo os resultados son dobremente interesantes.
- **SANTOS DE CERA,** percorrido pola escultura barroca do coro baixo y polos protagonistas da orde bieita, reinterpretados con técnicas de esgrafiado.




O alumnado de 4º ESO incorpórase ao proxecto con dúas achegas:

- **TANXENCIAS MUSICAIS,** estudo das xeometrías da forma.
- **ESTAMPADOS MUSICAIS,** interpretación do anterior con técnicas de reprodución en masa.

O alumnado de 1º de bacharelato aborda

- **A XEOMETRÍA DA MÚSICA**, no que recorre un camiño semellante no estudo das xeometrías dos cadeirados do coro:
- Vendemos música, un exercicio de práctica de deseño de cartaces e publicidade centrado en posibles actividades musicais en Celanova.

TERCEIRO TRIMESTRE: preparación dos formatos finais, exposición e difusión (e baixa da profe por accidente).



FASES E DESENVOLVEMENTO

MÚSICA



PRIMEIRO TRIMESTRE:

Traballo de campo e planificación.

NA ESO: Informámonos sobre a vida musical dos mosteiros en xeral e do noso en particular.

EN BACHARELATO: Tras a primeira sesión do traballo de campo, o propio alumnado opinou sobre os seus intereses á hora de abordar un estudo tan amplo. Destacaron dous temas centrais: o canto chan ou canto gregoriano e o órgano. Tras un pequeno achegamento xenérico a ambos en decembro, decidiuse adicar o segundo trimestre ao canto e o terceiro ao órgano.

SEGUNDO TRIMESTRE

2º ESO B: Visita ao órgano. Explicación do instrumento *in situ* e demostración por parte da profesora dalgunhas obras importantes do repertorio. Gravación de Bob Esponxa, partitura coa que traballamos os grupos de valoración especial (tresillos). A gravación tivo lugar con público externo dunha visita xestionada pola Fundación Curros Enríquez que estivo presente en toda a sesión.

3º ESO C: Preparación e gravación do *Te Deum* de Charpentier, máis coñecido por ser o himno de Eurovisión. Aproveitamos o tirón do festival e o feito de estar neses momentos estudiando o período barroco para preparar e gravar o preludio. Unha primeira gravación tivo lugar no noso propio claustro, que ten unha magnífica acústica. A definitiva realizouse no coro alto, tamén tras unha sesión previa de explicación do órgano e os elementos musicais do coro alto, que xa foran introducidas no primeiro trimestre.. Ambas gravacións están no Padlet do proxecto.

BACHARELATO: O canto chan, ou canto gregoriano (práctica, pescuda e gravación) e obradoiro de composición dixital. Producimos unha gravación de canto chan do *Pange Lingua (more hispano)*, do que traballamos texto, partitura orixinal e transcrita, contexto interpretativo, etc. e un documental informativo no que resumimos as nosas pescudas sobre orixe, usos, liturxia, evolución da escritura e outras cuestións relevantes, así como dos lugares e espazos do noso mosteiro que se dedicaban ao canto.

En todos os casos ata este momento as gravacións foron realizadas con medidas COVID.

FASES E DESENVOLVEMENTO

TERCEIRO TRIMESTRE

MÚSICA

NA ESO: Gravación co resto dos cursos.

2ºESO B: Preparación e gravación con frautas e órgano de “Más vale trocar”, de Juan del Encina (S.XVI), como exemplo de textura homofónica e de forma estrófica con refrán.

3ºESO A: Preparación e gravación con frautas e órgano de “Danza del Acha”, con frautas e órgano e na que ademais colaboraron tres alumnos da escola de música de Celanova con trompeta e dous saxos. Sesións previas de ensaio e explicación *in situ* de instrumento e espazos.



4ºESO AB: Preparación e gravación de “Bayle del Gran Duque”. Sesións previas de ensaio e explicación de instrumento e espazos.

EN BACHARELATO:

- Sesión de documentación visual. Obtención de fotos e vídeos do órgano, espazos, cañuterías, etc.
- Sesión de traballos en grupo. Pescuda de información, elaboración de guións e reparto do traballo.
- Sesións de gravación *in situ*.
- Montaxe dos vídeos.
- Montaxe da imaxe interactiva final.

Paralelamente discorre o traballo do obradoiro de composición dixital.

Gravando Canto Chan



Compoñendo no Mosteiro

Obradoiro de composición dixital do alumnado de Linguaxe e Práctica Musical (1º de Bacharelato)

Visita as canles Soundcloud do noso alumnado máis creativo!
Porque o noso Mosteiro inspira!!!



AVALIACIÓN

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS

DEBUXO

Este é un resumo do GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DAS APRENDIZAXES no referido AOS CONTIDOS PROPIOS DAS MATERIAS:

- Utilizar adecuadamente a terminoloxía específica
- Utilizar correctamente os procedementos e materiais propostos de forma que se adecúen ao resultado desexado.
- Ser capaz de representar formas a partir da observación da realidade.
- Organizar correctamente as diferentes fases dun traballo creativo, dende a busca de información ata a arte final.
- Analizar obras de arte desde calquera aspecto dos contemplados nos contidos mínimos (forma, perspectiva, claroscuro, luz, composición)
- Interiorizar mínima e claramente unha liña do tempo que relacione os diferentes estilos artísticos e os principais autores, con especial atención á arte galega.

Tamén valoramos CRITERIOS REFERIDOS AOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS, entre outros:

- Usar as TIC como medio de traballo cun grao de destreza suficiente.
- Demostrar niveis apropiados ao cada curso en comprensión lectora e expresión oral, escrita e audiovisual, cos criterios marcados pola CCP do centro.

A avaliación é continua, con rexistro de observación das actividades de aula (50% da nota) e rúbricas para o traballo final (50 %) que contemplen cada aspecto técnico e cada competencia traballada. O alumnado, unha vez realizada a avaliación inicial, é tratado de maneira individualizada, co obxectivo de que cada un traballe as súas potencialidades e desenvolva a súa propia sensibilidade artística e expresiva.



AVALIACIÓN

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS

PROGRAMACIÓN DO DPTO,
RÚBRICA E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

https://wakelet.com/wake/xl_TW1VyWwSb6_QDGHpNw

MÚSICA

Avaliación inicial: Comezamos o proxecto cunha sondaxe informal sobre os coñecementos previos do alumnado sobre o noso patrimonio musical.

Avaliación procesual: Revisión continua dos materiais producidos. O alumnado dos niveis máis baixos valorou o material producido polos maiores, por exemplo no caso do documental sobre canto chan.

Avaliación final (todo contemplado na programación):

Interpretación instrumental: rúbrica do departamento.

Materiais informativos elaborados:

Proceso de pescuda da información... aproveitou os documentos aportados ou fixo escudas en Google de dubidosa valía?

Proceso de elaboración: foi quen de seleccionar a información máis importante ou perdeuse en detalles menores? Utilizou o vocabulario axeitado?

Profeso de redacción/expresión: leu o texto ou “procesouno” comunicándoo coas súas palabras?

Montaxe en vídeo (no seu caso): combinou ben as tomas? Fixo unha narrativa audiovisual correcta? Foi quen de editalo no formato común ou enviou os arquivos en bruto?

Obradoiro de composición dixital:

Aportou a súa creatividade utilizando as ferramentas compositivas aportadas na clase? Adoptou unha actitude de compositor/a do século XXI que aporta as súas creacións á historia do mosteiro ou simplemente executou exercicios da aula?



A TUA OPTATIVA DE BACHARELATO

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL



PARA NOVOS E
EXPERIMENTADOS

Matricúlate!

AUTOAVALIACIÓN

FORTALEZAS

- Unhas programacións ben estruturadas con obxectivos e contidos axeitados.
- Un alumnado que, na súa maioría, ten capacidade para afrontar retos deste tipo.
- Dispoñer dos recursos necesarios en cada momento.
- A colaboración recibida.

DEBILIDADES

- O tempo dispoñible para metodoloxías que precisan de moitísimo traballo.
- A situación sanitaria, que dificultou o movemento de grupos na primeira metade do curso.

OPORTUNIDADES

- Colaboración con institucións senlleiras da contorna, como é a Fundación Curros Enríquez ou o Concello de Celanova e a Parroquia, o que fai á vila partícipe do proxecto. As profesoras de música colaboraron reciprocamente ofrecendo recitais didácticos a grupos escolares, dada a grande afluencia de centros.
- Colaboración coa Asociación Cultural de Amigos do Órgano Un Rato no Tubo, de Ourense, que facilitou asesoramento e organizou dous concertos nas súas Xornadas de Órgano.



AMEAZAS

- O novo calendario de avaliacións finais fixo que fora moito máis complicado organizar temporalmente as actividades.
- A carga horaria do profesorado e os corsés do currículo fixeron que algunhas persoas non puideran participar nel tan activamente como tiveran querido.

MATERIAIS PRODUCIDOS



DEBUXO

MÚSICA
NO
MOSTEIRO

EPVA 4º ESO CURVAS MUSICAIS

TRABALLO COS RELEVOS DO CADEIRADO
DO CORO ALTO

A busca da perspectiva 2021-22

Un traballo de Debuxo Artístico de 2º de
Bacharelato que nos acerca ao noso
edificio, nos obriga a mirar en 3D e nos
prepara o camiño para os traballos do
proxecto "Música no mosteiro"

SUMANDO PROXECTOS MnM

MnM SANTOS DE CERA

OS SANTOS BIEITOS
DO CORO BAIXO



A XEOMETRÍA DA MÚSICA

INTERPRETACIÓNS
DOS RESPALDOS ALTOS
DO CADEIRADO DO CORO ALTO

Un traballo de Debuxo Artístico I

DEBUXO ARTÍSTICO I 2021/22

5. MÚSICAS MEDIEVAIS

Música no mosteiro



MÚSICA
NO
MOSTEIRO

DEBUXO TÉCNICO TOCANDO CIRCUNFERENCIAS

ESTUDO DE TANXENCIAS DOS RELEVOS
DO CADEIRADO DO CORO ALTO

MIRADAS AO INTERIOR O ÓRGANO E O CORO ALTO

COA GUÍA DOS GRANDES PINTORES

XEOMETRÍAS MUSICAIS

INTERPRETACIÓNS DOS RESPALDOS DO
CADEIRADO DO CORO ALTO CON
MODELOS ARTÍSTICOS

Un traballo de Debuxo Artístico II

MATERIAIS PRODUCIDOS



MÚSICA NO MOSTEIRO

GRAVACIÓN NO CORO ALTO DA IGREXA DO MOSTEIRO DE SAN SALVADOR DE CELANOVA

PRELUDIO DO "TE DEUM" DE M.A CHARFENTIER

ADAPTACIÓN PARA ÓRGANO E FRAUTAS

ALUMNADO DE 3 ESO C

MÚSICA NO MOSTEIRO

GRAVACIÓN NO CORO ALTO DA IGREXA DO MOSTEIRO DE SAN SALVADOR DE CELANOVA

DANZA DEL ACHA (MARTÍN I COLL)

ADAPTACIÓN PARA ÓRGANO, FRAUTAS, TROMPETA E SAXO

ALUMNADO DE 3 ESO A

2º ESO B presenta

BOB ESPONXA

Gravado no coro alto do Mosteiro de Celanova con frautas e órgano.

En directo e con público!

MÚSICA NO MOSTEIRO

PRESENTA

PANGE LINGUA MORE HISPANO

INTERPRETADO POLO ALUMNADO DE LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL DO CURSO 21-22 NA ESCALEIRA ABACIAL DO CLAUSTRO DO POLEIRO DO MOSTEIRO DE SAN SALVADOR DE CELANOVA.

MÚSICA NO MOSTEIRO PRESENTA

Unha imaxe interactiva...

O órgano de Celanova

REALIZADA POR

Alumnado de 1º Bacharelato de Linguaxe e Práctica Musical

EXPLICACIÓNS, AUDIOS E VIDEOS CON TODOS OS SEGREDOS DO ÓRGANO! ENTRA NO QR!

MÚSICA NO MOSTEIRO PRESENTA

BAILE DEL GRAN DUQUE

Obra de Antonio Marin i Coll (S. XVIII) interpretada polo alumnado de 4º ESO do optativo de música nunha fantástica versión para frautas e órgano.

O CANTO GREGORIANO DENDE CELANOVA

Copiar enla...

O CANTO GREGORIANO DENDE CELANOVA


MÚSICA - 1º Bacharelato

IES de Celanova Celso Emilio Ferreiro

Ver en YouTube

DIFUSIÓN

BLOG
REDES SOCIAIS
BOLETÍNS
EXPO FÍSICA
CARTACES
AUDICIÓNS
USO GRÁFICO para
outros medios: carteis,
revistas



A COMUNIDADE EDUCATIVA

Contamos cun gran apoio da comunidade educativa e de toda a colaboración cando requirimos de axudas. O equipo directivo favoreceu en todo momento a organización, a intendencia e ata as cuestións económicas. O boletín dos Contratos –programa prestounos páxinas da súa revista. O equipo TIC colaborou activamente na confección e edición de materiais, mentres que alumnado, familias e visitantes son observadores compracentes do resultado. As familias dos artistas, finalmente, colaboraron con medios e tempo. Grazas a todos.

O PAPEL DA BIBLIOTECA

- Actúa como centro de recursos humanos e laboratorio de ideas: lugar de reunión, de planificación de estratexias, de creatividade, de organización e coordinación...
- Actúa como centro de recursos materiais, tanto físicos –libros de arte e música, biografías, manuais de técnicas artísticas, películas- como virtuais, poñendo toda a súa tecnoloxía ao servizo dos usuarios: WiFi, proxeccións de cine, audicións musicais, ordenadores, medios de edición e impresión...
- Fomenta a formación do profesorado en cuestións metodolóxicas.
- Elabora recursos cos traballos realizados (vídeos, gravacións musicais, ilustracións).
- E, finalmente, difunde as experiencias a través de todos os medios ao seu alcance.



Hai que recordar, por evidente, que a biblioteca non é só un lugar: é unha maneira de traballar.